

ANEXO IV

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDIMENTO

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENTIDADE FINANXEIRA	ENDEREZO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao/á titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Orde do 1 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, reconece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

A mesma lei prevé, así mesmo, a participación doutros ámbitos da Administración pública, establecendo que a Administración local procurará considerar dentro dos seus plans ou programas de actuación a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas.

Segundo o disposto polo Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das anteditas competencias e funcións.

Esta consellería, tendo en conta as potencialidades da fórmula empresarial cooperativa para o desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social, a necesidade de que o labor de divulgación e fomento se realice tamén desde os ámbitos máis próximos aos cidadáns, así como as sinerxías derivadas da cooperación entre as distintas administracións, quere estimular a realización de actividades de promoción do cooperativismo por parte das entidades locais.

A través desta orde régúlase o proceso de selección daquelas iniciativas que resulten de maior interese para o desenvolvemento do cooperativismo no ámbito local, co obxecto de contribuír ao seu financiamento mediante a concesión dunha subvención de ata o 80% dos gastos necesarios para a realización das actividades propostas por parte dos concellos seleccionados. Entre os criterios de selección, outórgaselle especial importancia á sintonía do proxecto co Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo.

A regulación axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Cooperativas, o Consello Galego de Relacións Laborais e a Federación Galega de Municipios e Provincias, e de conformidade coas atribucións que teño

conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÕÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade e réxime das subvencións.*

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a sufragar parcialmente a realización de actividades de promoción do cooperativismo por parte dos concellos e doutras entidades locais de Galicia.

2. A concesión das axudas previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo á aplicación 12.03.324A 460.0 (proxecto 2010 00765), da Dirección Xeral de Relacións Laborais, por un crédito por importe de trescentos sesenta e cinco mil seiscentos corenta e catro euros (365.644 euros).

Estes importes poderán verse incrementados con fondos comunitarios, da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Para atender as solicitudes de creación de oficinas de fomento cooperativo recollidas no artigo 3º resérvese un importe máximo de 100.000 euros. No caso de existir remanentes aplicaranse ao resto de actividades previstas neste orde.

3. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios os concellos de Galicia, individualmente ou a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local, que, logo da solicitude, resulten seleccionados segundo o establecido nesta orde e realicen as devanditas actividades no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2010.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as subvencións que regula esta orde. Neste suposto, todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención e deberán designar de entre eles o que teña a representación conxunta e a consideración de beneficiario para efectos da tramitación da subvención.

3. Ningún concello poderá figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

4. O incumprimento destas normas dará lugar á inadmisión da solicitude individual de subvención inscrita polo concello de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta.

5. Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións previstas nesta orde as entidades que incorran nalguna das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Obxecto e contía das subvencións.*

1. As actividades obxecto de subvención poderán consistir en calquera tipo de acción promocional e de fomento do cooperativismo dirixida ao ámbito territorial do concello ou concellos solicitantes e á súa área de influencia. A título de exemplo, poderán consistir na elaboración e publicación de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos; celebración de feiras, mostras, congresos; organización de cursos, xornadas, conferencias, seminarios e simposios; así como actividades de fomento de viveiros cooperativos, ou a creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo recollidas neste artigo.

2. Coidarase especialmente o enfoque de carácter práctico e eficaz das actividades, así como a súa implicación coa realidade do contorno socioeconómico local onde se desenvolven. Na medida que resulte posible, procurarase a participación das asociacións de cooperativas representadas no Consello Galego de Cooperativas como xeito de contribuír á difusión dos valores e potencialidades do cooperativismo.

3. Oficinas de fomento cooperativo.

Co obxectivo de incentivar o emprendemento cooperativo e/ou a xeración de novos proxectos cooperativos subvencionarase o aluguer de locais e os custos salariais do persoal asesor en materia de fomento cooperativo que sexa contratado polo concello e sempre que dedique un mínimo de 10 horas semanais para tal fin.

Unicamente será subvencionable unha oficina de fomento cooperativo por cada solicitude presentada, así como un único local e un único técnico, independentemente do número de concellos que agrupe.

Os labores que asumirá o técnico asesor da oficina de fomento cooperativo serán:

- Asesoría e acompañamento de proxectos.
- Accións formativas e informativas de promotores.
- Elaboración de plans empresariais.
- Seguimento e titorización dos proxectos cooperativos en xestión.
- Formación e divulgación de fórmulas cooperativas así como coordinación das actividades de fomento e promoción.

-Os técnicos asesores adscritos a este programa deberán comprometerse a realizar un curso de formación en materia de cooperativismo que sexa organizado e/ou impartido pola Consellería de Traballo e Benestar, cunha duración mínima de 60 horas.

-Deberán posuír a titulación académica universitaria.

-Acreditar a súa dedicación ao programa cos seguintes documentos:

* Partes horarios e plan de traballo.

* Actas de reunións para xestións de proxectos cooperativos.

* Informe de actividades.

* Relación asinada polos distintos destinatarios dos servizos.

* Certificación da entidade local ou persoa a quen legalmente lle corresponda.

-Deberase habilitar unha oficina e estar debidamente sinalizada, e publicitar o servizo por distintos medios, tendo en conta o previsto no artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no artigo 10º b) desta orde.

-As oficinas de fomento cooperativo serán avaliadas no seu rendemento pola Dirección Xeral de Relacións Laborais e terase en conta o número de proxectos empresariais cooperativos consolidados e outros indicadores para a concesión das axudas en anos sucesivos.

4. A contía das subvencións non poderá superar o 80% dos gastos necesarios para a realización das actividades, que poderán contar, así mesmo, con outros financiamentos, sen que en ningún caso excedan a contía realmente xustificada e non achegada pola Xunta de Galicia.

Exceptúanse do recollido no parágrafo anterior os programas de oficinas de fomento cooperativo cando se trate de solicitudes de mancomunidades ou solicitudes conxuntas de varios concellos, podendo chegar a axuda neste caso ao 100 por 100 dos gastos elixibles.

5. No caso da actividade de fomento de viveiros cooperativos será subvencionable parte do importe do aluguer do local do viveiro durante o ano 2010, cun límite máximo de 3.000 euros por local e cooperativa.

6. No caso das oficinas de fomento cooperativo, será subvencionable parte do importe do aluguer do local ata un máximo 3.000 euros. Igualmente será subvencionable parte do custo salarial dun técnico ata un máximo de 6.000 euros por ano de actividade cando se trate de dedicación parcial e de 18.000 euros por ano cando a dedicación sexa exclusiva a este fin.

7. A contía máxima da subvención non poderá exceder os 20.000 euros por concello. No caso de mancomunidades ou solicitudes conxuntas de varios concellos este importe máximo verase multiplicado polo número de concellos afectados.

Artigo 4º.-*Solicitudes, documentación e prazo.*

1. As solicitudes de subvencións deberán dirixirse á Dirección Xeral de Relacións Laborais, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes e os anexos están dispo-

ñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballoebienestar.xunta.es>.

1.1. Segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, as solicitudes dos interesados xuntarán os documentos e as informacións determinados na convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.

2. As solicitudes presentaranse no modelo que figura como anexo I desta orde e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

2.1. Memoria do proxecto que conteña:

-Identificación do concello ou entidade local solicitante e do seu ámbito de influencia.

-Indicación das actividades de fomento do cooperativismo que realizou en anos anteriores ou se é a primeira ocasión que accede esta liña de axudas.

-Director ou coordinador do proxecto.

-Descrición das actividades que se pretenden realizar, especificando a súa finalidade e as persoas destinatarias.

-Medios previstos para a súa realización.

-Informe relativo á capacidade profesional das persoas intervinientes, de ser o caso. Especialmente no caso das oficinas de fomento cooperativo.

-Orzamento detallado, cuantificado en todos os seus puntos, indicando a procedencia dos recursos non achegados pola consellería.

2.2. Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade local, ou persoa a que legalmente lle corresponda, do acordo polo que se solicita a subvención e se aceptan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, así como de non estar incurso o concello ou mancomunidade de municipios nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2.3. Os concellos que se asocien para os efectos desta orde, deberán achegar documento en que se acorde a colaboración dos concellos e a designación do que os representa, así como certificación dos/as secretarios/as, ou persoa a que legalmente lle corresponda, dos acordos do pleno ou da comisión de goberno en que delegan a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

2.4. Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas e subvencións efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade ou proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (segundo o modelo do anexo II).

3. As solicitudes poderán presentarse no prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5º.-Instrución.

As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, por ser o órgano instructor, para que o servizo competente comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, requirirá o interesado para que a repare no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e se non o fixese terase por desistido da súa solicitude logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6º.-Avaliación das solicitudes.

1. A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, polo que unha vez instruídos os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que realizará a selección e informará o órgano instructor. Este órgano elevaralle proposta á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, quen resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, poñendo fin á vía administrativa.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Subdirección Xeral Cooperativas e Economía Social, que a presidirá, o/a xefe/a do Servizo de Cooperativas e Economía Social, dous/dúas funcionarios/as designados/as pola persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, e o/a xefe/a da Sección de Fomento da Economía Social, que actuará como secretario/a.

Os resultados poranse en coñecemento da Federación Galega de Municipios e Provincias, e das asociacións de cooperativas con representación no Consello Galego de Cooperativas.

Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a ela o/a presidente/a, ou persoa en que delegue, o/a secretario/a e polo menos a metade dos seus membros. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos/as funcionarios/as que a compoñen non puidese asistir, será substituído polo/a funcionario/a que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

3. A comisión de avaliación rexerese polo establecido no título II, capítulo II, artigo 22 e seguintes da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relativo aos órganos colexiados.

4. A comisión de avaliación, motivadamente, poderá requirir dos/as solicitantes das axudas información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

5. A comisión de avaliación poderá aplicar módulos máximos de investimentos nas distintas accións

de promoción e fomento. Estes módulos serán contrastados, fundamentados e obxecto de exposición pública na páxina web da consellería.

Artigo 7º.-Criterios de avaliación.

1. A comisión realizará a estimación do número de beneficiarios e da contía da subvención, sempre tendo en conta as disponibilidades orzamentarias previstas para este fin e os límites fixados nesta orde; a comisión non terá en conta os proxectos que non se adapten a estas bases.

2. Como criterios de avaliación teranse en conta as seguintes características dos proxectos, ordenadas como se indica a seguir:

2.1. Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan estratéxico para o cooperativismo, ata 30 puntos.

2.2. Por tratarse de concellos ou mancomunidades que presenten proxectos que impulsen a incorporación de mulleres como socias de cooperativas, ata 28 puntos.

2.3. Por accións encamiñadas a facilitar a posta en marcha de proxectos empresariais que dean saída profesional aos desempregados do ámbito territorial de influencia, mediante a creación de cooperativas ou a incorporación ás xa existentes, ata 26 puntos.

2.4. Por actuacións dirixidas á posta en valor e aproveitamento sustentable dos recursos locais, a través de proxectos empresariais cooperativos que agrupen titulares de explotacións agrarias (agrícolas, gandeiras, forestais e outras), pesqueiras (pesca, marisqueo, acuicultura e relacionadas), ou doutro tipo de actividades empresariais e profesionais, ata 24 puntos.

2.5. Pola coordinación das actuacións entre distintos concellos, coa formalización duna solicitude conxunta, ata 22 puntos.

2.6. Por proxectos innovadores ou que pola súa singularidade acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo ou á súa promoción, ata 20 puntos.

2.7. Pola colaboración na realización das actividades subvencionadas de sociedades cooperativas galegas e as súas asociacións, ata 18 puntos.

2.8. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita a axuda, ata un máximo de 18 puntos.

2.9. Por incluír na súa solicitude a proposta de creación dunha oficina de fomento cooperativo: 50 puntos.

2.10. Polo menor número de cooperativas activas con domicilio no ámbito dos concellos solicitantes en relación coa súa poboación, ata 50 puntos.

2.11. No caso de solicitudes de subvención para a creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo, avaliarase especificamente a titulación que deba posuír o técnico asesor, asignándolles 50 puntos aos que exixan calquera das seguintes:

-Licenciatura ou grao en:

-Economía.

-Administración e Dirección de Empresas.

-Dereito.

-Ou titulacións ou graos mixtos que as inclúan.

-Diplomatura en: Ciencias Empresariais:

Relacións Laborais.

-Másters en Xestión e Dirección Empresarial Cooperativa.

3. A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados no parágrafo anterior, e adxudicarase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación.

Artigo 8º.-*Resolución e recursos.*

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución que se notificará aos interesados. A realización das actividades será responsabilidade exclusiva do concello ou mancomunidade solicitante, ben que a consellería debe estar informada puntualmente e con suficiente antelación das circunstancias concretas da execución e reserva para si o dereito de solicitar a información complementaria que considere oportuna, así como a comprobación de calquera aspecto relacionado con elas. En todos os soportes, materiais ou publicacións e calquera medio de divulgación das actividades deberá constar de xeito destacado a colaboración da Consellería de Traballo e Benestar. De todo este material e documentación obxecto do financiamento da consellería, esta poderá facer uso coa finalidade de multiplicar o efecto promotor en toda a comunidade autónoma.

3. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comezará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes.

Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. De acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

6. De conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Consellería de Traballo e Benestar incluírá e fará públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros- rúa Domingo Fontán 9-15702 Santiago de Compostela).

7. A presentación da solicitude polas entidades interesadas autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, se é o caso, nos rexistros regulados no referido Decreto 132/2006.

Segundo o disposto no artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os beneficiarios deberán dar axeitada publicidade de carácter público do financiamento das actividades obxecto da subvención.

Artigo 9º.-*Forma de pagamento e xustificación.*

1. Unha vez notificada a resolución definitiva, os interesados dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produciise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Ao remate da actividade, deberase presentar informe exhaustivo da súa realización, acompañado de copia de todos os materiais e documentos xerados, así como constancia da súa repercusión pública.

Para as oficinas de fomento cooperativo deberá achegarse o contrato de traballo, nóminas, TC1 e TC2 do/a técnico/a e a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos do programa recollidos no número 3 do artigo 3º.

O pagamento efectuarase de forma nominativa e pagamento único, pola súa totalidade, a favor dos beneficiarios e logo da acreditación dos gastos e dos pagamentos realizados. Unicamente se aboará ata o 80% dos gastos realmente realizados e xustificados, ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.

3. En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O pagamento das axudas quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa, para acre-

ditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, antes do 31 de outubro de 2010, nos termos e na forma que estableza a resolución da concesión.

No momento da xustificación total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

5. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Artigo 10º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Son obrigas dos beneficiarios das subvencións, as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

a) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público estatal ou internacional.

b) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

d) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

Artigo 11º.-*Subcontratación.*

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial as actividades subvencionadas a través desta convocatoria, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos cales teña

que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Artigo 12º.-*Modificación da resolución, revogación e reintegro.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1º n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e, eventualmente, á súa revogación.

2. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Artigo 13º.-*Seguimento e control.*

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, ou a súa revogación, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditare, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I

UNIÓN EUROPEA
O Fondo Social
Europeo
Inviste no teu futuro

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR802Z	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

CONCELLO OU MANCOMUNIDADE		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO NA ENTIDADE		

Breve descrición da/s actividade/s proposta/s	Orzamento total	Axuda solicitada
•		
•		
•		
•		

DECLARA QUE:

- Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Comunicaranlle ao órgano concedente da axuda calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos/as beneficiarios/as e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos/as beneficiarios/as e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puideren impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que autorizo expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para o tratamento necesario dos datos persoais dos/as beneficiarios/as e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informa de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 1 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de 2010		RECIBIDO
	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona ,
 en nome e representación do concello ou da entidade local
 e en calidade de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Relaciona a seguir as axudas e subvencións solicitadas e/ou obtidas para a mesma finalidade ou proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos:

AXUDAS SOLICITADAS:

<i>ANO</i>	<i>ORGANISMO</i>	<i>IMPORTE €</i>	<i>TIPO DE AXUDA</i>	<i>DISPOSICIÓN REGULADORA</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS CONCEDIDAS:

<i>ANO</i>	<i>ORGANISMO</i>	<i>IMPORTE €</i>	<i>TIPO DE AXUDA</i>	<i>DISPOSICIÓN REGULADORA</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

, de de 2010

ANEXO III

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

MEMORIA DO PROXECTO QUE CONTEÑA:

- IDENTIFICACIÓN DO CONCELLO OU ENTIDADE LOCAL SOLICITANTE, DO SEU ÁMBITO DE INFLUENCIA E INDICACIÓN DAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DO COOPERATIVISMO QUE REALIZOU
- DIRECTOR/A OU COORDINADOR/A DO PROXECTO
- DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES QUE SE PRETENDEN REALIZAR ESPECIFICANDO A SÚA FINALIDADE E AS PERSOAS DESTINATARIAS PREVISTAS
- MEDIOS, ENTIDADES E PERSOAS PREVISTAS PARA A SÚA REALIZACIÓN, CON INFORME RELATIVO Á CAPACIDADE PROFESIONAL DOS INTERVENIENTES, SE FOR O CASO, ESPECIALMENTE NO CASO DAS OFICINAS DE FOMENTO COOPERATIVO
- ORZAMENTO DETALLADO CUANTIFICADO EN TODOS OS SEUS PUNTOS
- CADRO DE FINANCIAMENTO, INDICANDO A PROCEDENCIA DOS RECURSOS NON ACHEGADOS POLA CONSELLERÍA
- CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE LOCAL, OU PERSOA A QUE LEGALMENTE LLE CORRESPONDA, DO ACORDO POLO CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN E SE ACEPTAN AS CONDICIÓN E REQUISITOS ESTABLECIDOS NESTA ORDE, ASÍ COMO DE NON ESTAR INCURSO NAS PROHIBICIÓN SINALADAS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓN S, E NO ARTIGO 10 DA LEI DE SUBVENCIÓN S DE GALICIA
- DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS E SUBVENCIÓN S EFECTUADAS E/OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE OU PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN S PÚBLICAS COMPETENTES OU OUTROS ENTE S PÚBLICOS

- A DOCUMENTACIÓN EXIXIDA TEN QUE PRESENTARSE COA SOLICITUDE

- O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES FINALIZA NO PRAZO DUN MES CONTADO A PARTIR DO DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DESTA ORDE NO DOG

Orde do 4 de xuño de 2010 pola que se fai pública a minoración do importe existente para a concesión das axudas e subvencións para o fomento do emprego, convocadas pola Orde do 10 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Orde do 10 de marzo de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á convocatoria para o ano 2010 (DOG nº 54, do 22 de marzo), establece no seu artigo 2º o importe do crédito inicial outorgado para esta finalidade.

Con base no acordo do Consello de Ministros do 30 de outubro de 2009, para que os obxectivos de estabi-

lidade orzamentaria de cada comunidade autónoma no período 2010-2012 puidesen acadar o importes máximos de -2,50, -1,70 e -1,30 por cento do PIB rexional, respectivamente, elaborouse un Plan de reequilibrio da Comunidade Autónoma de Galicia que recolle os axustes necesarios no orzamento aprobado para 2010, e así dar cumprimento ao obxectivo de estabilidade fixado ata converxer nun déficit do -1,3% do PIB rexional en 2012.

Para dar cumprimento ao dito obxectivo de estabilidade no peche de exercicio, a Consellería de Facenda propuxo un Plan de axuste orzamentario, acompañado de todas as medidas de aforro de custos e control de gastos que sinala o antedito Plan de reequilibrio.

En consecuencia e coa finalidade de contribuír ao dito Plan de axuste orzamentario, é polo que cómpre minorar o importe da contía inicial prevista na Orde do 10 de marzo de 2010.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Para o exercicio orzamentario 2010 minórarase en 5.936.751 euros o importe da contía inicial